

OPERACIÓN “RESCATE DO OCEANO”!!!

oink!
andas
na onda?

Tres mexicanos, tres polacos, tres portugueses, dous arxentinos e trinta españois atópanse nun campamento de Ribadeo... Non, non é un chiste, é o Campamento Internacional Xuvenil Oceántica 2013, onde todos estas rapazas e rapaces aprenderon unha chea de cousas interesantes sobre o océano e sobre todo o que podemos facer para coidalo.

Millóns e millóns de peixes teñen a súa casa nos océanos. E neles, ademais, habitan unhas pequenas algas mariñas, o fitoplancto, que producen a metade do osíxeno que respiramos.

O mar é moi importante para todos! O proxecto Oceántica quere que as nenas e nenos o saibades e llelo contedes aos maiores, que ás veces fan as cousas ao tolo!

Imaxina que a xente viñese tirar o lixo dentro da túa casa... Iso é o que moita xente fai cos peixes. Utiliza o mar coma un vertedoiro e tira desperdicios, verteduras, auga luxada... que acaban por matar a todos os seres vivos que habitan no fondo oceánico.

E tamén hai que ter coidado co que pescamos. Os peixes pequeniños necesitan medrar e así teren eles as súas crías, permitindo que nazan outros peixes. Se collemos recursos do mar sen xeito nin maneira, acabaranse as reservas de peixe e xa non haberá nada para pescar. Co ben que sabe a pescada!!!

Catro cousas para que todo vaia ben

Non é tan difícil. Facendo unhas poucas cousas podes coidar o océano e salvar a todos os que viven nel. Atento!

- ★ Non tires medicinas, aceite ou lixo polas tubaxes.
- ★ As bolsas de plástico, os botes e os desperdicios.. sempre ao colector!
- ★ Cando vaias á praia, recolle todos os teus refugallos antes de marchardes.
- ★ Dilles aos teus pais que non merquen peixes pequenos nin especies que estean en perigo de extinción.



© 2013 STUDIO100 MEDIA

Sabes que hai un oitavo continente?

Pero non creo que che gustase vivir nel... É unha extensión enorme de lixo que está flotando no Pacífico. Abrangue 1,5 millóns de km², tres veces o tamaño de España!



HISTORIAS MARIÑAS PARA NON DURMIR

A rapazada do Campamento Oceántica 2013 puido escoitar alí mesmo algunha das historia terrorífica que contan os mariñeiros. Queres descubrilas?

O descomunal Kraken A serea cantora

Contan as antigas crónicas dos navegantes que unha enorme lura xigante habitaba no fondo do mar. Esta besta mariña, de máis de 2 km de longo, atacaba os barcos e devoraba os mariñeiros. Os seus tentáculos eran tan fortes que podían enroscarse nos mastros e arrastrar a nave para o fondo do mar.

As luras xigantes existen, si! Poden medir ata 20 metros e pesar máis de 300 quilos. Pero tranquilos... viven na profundidade do océano, moi moi abaixo, e só comen peixes.

Fitando un dos arcos da praia das Catedrais, pode adiviñarse a silueta dunha serea. Conta a lenda que esta serea engaiolaba os mariñeiros cos seus cantos para levalos ao fondo do mar, onde afogaban. Os veciños da zona decidiron capturar a serea e encerrala nas rochas da praia. Dende alí xa non pode enganar a máis persoas.

Hai 250,000 especies mariñas recoñecidas... pero os especialistas pensan que pode haber ata 1,6 millóns. Non podemos deixalos sen medio!

¿se che interesa o mar...

Libros

20 mil leguas de viaxe submarina

Julio Verne.

Esta apaixonante novela lévate de viaxe pola paisaxe do fondo mariño.

Os Bolechas van de viaxe. Naufraxio no mar de Lira.

Película

Buscando a Nemo

Vive con Nemo e cos seus amigos a aventura de reencontrarse co seu pai.

Visitas

Aquarium Finisterrae

A Coruña. Aquí poderás ver en vivo e en directo unha morea de peixes e aprender curiosidades interesantes sobre o océano. E sen te mollares!!!

Actividades


Obradoiros no Museo do Mar de Galicia

Vigo. Convértete nun auténtico mariñeiro, coñece como se somerxían os romanos no océano ou que segredos descubriron no mar os primeiros naturalistas. Consulta museodomar.xunta.es

PENSATEMPOS

AXUDA MARIÑA

Que tentáculo debe utilizar a lura para salvar o peixe?



hmmmm
creo que xa sei
a solución...

